

ACTA NÚMERO 13/2015
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 16.12.2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día dazaseis de decembro de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D^a M^a Pilar García Pereiro

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS - POS 2016.-
- 2.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL - PAS 2015.-
- 3.- APROBACIÓN DO PRESUPOSTO ANO 2016.-

1.- APROBACION DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS-POS 2016.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

Co plan proposto preténdese a realización de novos investimentos no concello para garantir a prestación dos servizos municipais e a reactivación da economía e a financiación de gastos correntes municipais. É un Plan cun carácter excepcional e conxuntural motivado pola situación económica actual, pola perda de ingresos nos orzamentos que a crise conleva.

Con base nos déficits detectados no concello e de acordo co estipulado pola lexislación vixente e nas bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2016, co fin de satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, porponse actuar fundamentalmente sobre a pavimentación de camiños así como a financiación de parte dos gastos correntes do municipio.

Tomáronse como criterios para a selección do Plan:

- Criterios baseados na necesidade urxente: son estas obras e non outras, e son os gastos correntes os que na actualidade presentan unha maior urxencia posto que de non executarse a poboación sufriría grandes inconvenientes.
- Criterios baseados no número de persoas beneficiarias: a financiación dos gastos correntes beneficia ao conxunto da poboación e as obras a un amplo número de veciños e veciñas.
- Criterios baseados na calidade e grado de necesidade dos servizos demandados pola poboación.

Tendo en conta a non dispoñibilidade de recursos propios xerados polo concello e a inexistencia de transferencias e ingresos doutros organismos prevese que a Deputación da Coruña achegue o 100% do custo do Plan para o ano 2016.

Se ben os gastos correntes reais deste concello ascenden a un importe superior, só se solicita a cantidade de 103.971,37€ por non dispor de máis asignación por parte da Deputación da Coruña.

Por todo o exposto PROPOÑO:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
|--|---------------------|---------------|---------------------|
| Camiño Buño-Escola de Belvis (Numide) | 31.699,07 € | 0,00 € | 31.699,07 € |
| Praza en Santaia (Gorgullos) e Outros | 38.371,45 € | 0,00 € | 38.371,45 € |
| Camiño Tañe – Seixan (Cabaleiros) e Outros | 39.544,60 € | 0,00 € | 39.544,60 € |
| Camiño en Pazos (Andoio) e Outros | 32.391,22 € | 0,00 € | 32.391,22 € |
| | | | |
| SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS | 142.006,34 € | 0,00 € | 142.006,34 € |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|---|---------------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 103.971,37 € |
| SUBTOTAL GASTO CORRENTE | 103.971,37 € |

C) Resumo:

| SUBTOTALS | Deputación | Concello | Orzamento total |
|---|--------------|----------|-----------------|
| SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS | 142.006,34 € | 0,00 € | 142.006,34 € |

| | | | |
|----------------------------------|---------------------|---------------|---------------------|
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES | 103.971,37 € | | 103.971,37 € |
| TOTAL | 245.977,71 € | 0,00 € | 245.977,71 € |

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Unha vez explicado o contido do expediente polo señor alcalde, interven o concelleiro do PSdeG-PSOE Carlos Garcia decindo que referente ao plan di que non se deben meter nas obras e servizos para o que son destinados, o que o señor alcalde respondelle que na circular da Deputación está claro con respecto á forma de destinar os cartos do plan.

Unha vez debatido o expediente sometese a votación:

- votos a favor 8 PP

- absteñense: 2 PsdeG-PSOE (por o motivo explicado) e 1 BNG explicando a súa abstención que non lle parece xusto as partes privadas que aparecen na terminoloxia "(e outros)".

Sometido o expediente a votación queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

2.- APROBACION DO PLAN DE ACCION SOCIAL - PAS 2015.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

No BOP nº 196 do mércores, 14 de outubro de 2015 saen publicadas as bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnicas aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

A finalidade deste Plan é cooperar cos concellos na realización de investimentos “financeiramente sostibles” e que teñan na súa maior parte de “carácter social”, no sentido de iren destinados a mellorar as condicións de vida da poboación, principalmente da infancia, da mocidade, das mulleres, das persoas maiores, das persoas con diversidade funcionaise necesidades especiais, e doutros colectivos que necesiten de especial apoio e protección.

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia, e no financiamento deste plan participarán a Deputación e, no seu caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas a este Plan.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación da Coruña, (www.dicoruna.es). A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar esta solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica as persoas titulares da Secretaría e da Alcaldía para asinar a documentación achegada.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 20 de outubro de 2015 e rematará ás 14:00 horas do 18 de decembro de 2015.

Por todo o exposto PROPOÑO:

1.- “Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamentotal |
|---|---------------------|---------------|---------------------|
| Accesos en Frixoi (Bardaos) e Outros | 32.993,29 € | 0,00 € | 32.993,29 € |
| Accesos a piscina e polideportivo de Pontepedra | 31.046,71 € | 0,00 € | 31.046,71 € |
| Accesos en Fontan e Barral (Viladoabade) e Outros | 30.871,72 € | 0,00 € | 30.871,72 € |
| Accesos a CPI Pecalama (Pontepedra) | 30.457,55 € | 0,00 € | 30.457,55 € |
| Execución de Bancadas no Campo de fútbol de Gorgullos | 56.243,35 € | 0,00 € | 56.243,35 € |
| Acceso a Carballeira de Arriba en Viladoabade e Outros | 31.977,67 € | 0,00 € | 31.977,67 € |
| Accesos en Vilasal (Anxeriz) e Outros | 36.905,59 € | 0,00 € | 36.905,59 € |
| Acceso a Igrexa de Tordoia | 46.158,85 € | 0,00 € | 46.158,85 € |
| Rehabilitación enerxética do Centro Sociocultural do Castiñeiro | 38.749,42 € | 0,00 € | 38.749,42 € |
| | | | |
| SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL | 335.404,15 € | 0,00 € | 335.404,15 € |

B) Resumo:

| Denominación da obra | Deputación | Concello | Orzamentotal |
|---|--------------|----------|--------------|
| SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL | 335.404,15 € | | 335.404,15 € |
| SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS | | | |
| T O T A L | 335.404,15 € | | 335.404,15 € |

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O señor alcalde explica o expediente, (sendo as 12:50 entra na sesión a concelleira do PP dona Maria Costa Calviño), segue explicando o señor alcalde as obras que se inclúen no PLAN.

Sometese a votación e votan:

- A favor: 8 PP
- Abstención: 2 PSdeG-PSOE
- Encontra: 1 BNG

O señor alcalde concedelle a palabra a concelleira do BNG dona Pilar García e esta manifesta que non haxa diferenza entre o POS e o PAS, que podería ser máis xeral que particular e por elo o seu voto encontra.

Ahora intervén o concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos García, manifestando que esta dacordo coas obras pero estas obras non son de acción social, pero a culpa é da Deputación por non controlar estas cousas. Non se poden recibir 500.000€ e trocealos según convén.

O PAS non son obras que inclúe aquí vostede.

Cando estean redactando os proxectos e as certificacións vou a pedilas.

A concelleira do BNG dí que tamén é responsabilidade do concello.

Interven o señor alcalde considerando que a Deputación debería dar os cartos e que o Concello teña a autonomía para invertir onde considere que é máis necesario.

A concelleira do BNG critica que haxa aceras aos 2 lados en Tarroeira - Castenda e que non as haxa na piscina.

O señor alcalde manifesta que moito problema das aceras ten que ver cos permisos privados dos propietarios.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE que esta en desacordo coas explicacións do alcalde e dí que o concello debe ter cada vez menos autonomía.

Unha vez debatido o expediente polos concelleiros asistentes queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

3.- APROBACION PRESUPUESTO ANO 2016.-

PROPOSTA DE ALCALDIA

Formado o Presupuesto Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2016, así como, as Bases de Execución e a plantilla de persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido dos informes do Interventor municipal, de data 12 de decembro de 2015.

Visto o informe de Intervención de Evaluación do Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Presupostaria de data de 12 decembro de 2015, do que se desprende que a situación é de *superávit presupostario e aforro neto positivo*.

Por todo o exposto PROPOÑO o seguinte:

1º. Aprobar inicialmente o Presupuesto Xeral do Concello de Tordoia, para o exercicio económico 2016, xunto coas Bases de execución, e cuxo resumen por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

| Cap | Denominación | Presuposto 2015 | | Presuposto 2016 | |
|-----|----------------------------|-----------------|---|-----------------|---|
| | | EUROS | % | EUROS | % |
| A) | OPERACIÓNS FINANCIEIRAS | NON | | | |

| | | | | | |
|-----|-------------------------------------|---------------------|-------------|---------------------|-------|
| A.1 | OPERACIÓNS CORRENTES | | | | |
| | | 1.939.154,98 | 74,20 | 1.921.087,95 | 72,50 |
| 1 | Gastos do Personal | 878.970,19 | 33,60 | 1.016.143,28 | 38,30 |
| 2 | Gastos correntes en bens e servizos | 922.273,26 | 35,30 | 813.412,63 | 30,70 |
| 3 | Gastos financeiros | 97.911,54 | 3,70 | 46.902,55 | 1,80 |
| 4 | Transferencias correntes | 40.000,00 | 1,50 | 42.800,00 | 1,60 |
| A.2 | OPERACIONS DE CAPITAL | | | | |
| | | 454.382,13 | 17,40 | 507.410,49 | 19,10 |
| 6 | Inversións reais | 454.382,13 | 17,40 | 507.410,49 | 19,10 |
| 7 | Transferencias de capital | 0,00 | 0 | 0,00 | 0,00 |
| B) | OPERACIÓNS FINANCIERAS | | | | |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 | 0 | 0 | |
| 9 | Pasivos financeiros | 221.462,89 | 8,50 | 223.331,05 | 8,40 |
| | TOTAL GASTOS | 2.615.000,00 | 1,95 | 2.650.000,00 | |

ESTADO DE INGRESOS

| Cap | Denominación | Presupuesto 2015 | | Presupuesto 2016 | |
|-----|--|------------------|-------|------------------|-------|
| | | EUROS | % | EUROS | % |
| A) | OPERACIONES FINANCIERAS NO | | | | |
| A.1 | OPERACIONES CORRIENTES | | | | |
| | | 2.199.700,00 | 84,10 | 2.174.419,00 | 82,20 |
| 1 | Impuestos directos | 495.300,00 | 18,90 | 585.000,00 | 22,10 |
| 2 | Impuestos indirectos | 44.000,00 | 1,70 | 28.170,51 | 1,10 |
| 3 | Tasas, precios públicos y otros ingresos | 169.200,00 | 6,50 | 176.800,00 | 6,70 |

| | | | | | |
|-----|-----------------------------------|---------------------|-------|---------------------|-------|
| 4 | Transferencias corrientes | 1.469.200,00 | 55,10 | 1.362.619,00 | 51,40 |
| 5 | Ingresos patrimoniales | 22.000,00 | 1,90 | 20.000,00 | 0,80 |
| A.2 | OPERACIONES DE CAPITAL | | | | |
| 6 | Enajenación de inversiones reales | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 7 | Transferencia de capital | 415.600,00 | 15,90 | 477.410,49 | 18,00 |
| B) | OPERACIONES FINANCIERAS | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| 8 | Activos financieros | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| 9 | Pasivos financieros | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | TOTAL INGRESOS | 2.615.000,00 | | 2.650.000,00 | |

2º.- Aprobar definitivamente a plantilla do persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

3º.- Expoñer ao público o Presuposto Xeral para o ano 2016, as Bases de execución , a plantilla do persoal aprobados, por un prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello, a efectos da presentación de reclamacións polos interesados.

4º.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

5º.- Remitir copia a Administración do Estado, así como, a Comunidade Autónoma.

O señor alcalde explica o contido do expediente e pregunta si algúen necesita unha explicación máis detallada do expediente porque si é así chama o técnico.

Intervén a concelleira do BNG solicitando un resumen de todo o que explicou o señor alcalde do presuposto. O señor alcalde dille que esta dispoñible a información na oficina de tesourería, e ademais a Lei de Transparencia esixe a súa publicación.

Ahora intervén o concelleiro do PSdeG-PSOE manifestando que ten mérito que se fagan os presupostos antes de finais de ano, para traer isto ao pleno non ven ao caso, porque para facer os presupostos como os está facendo é mellor non facelos.

Solicita que deberíanse facilitar antes para poder debatilo.

Tamén díque os números os poñen os concellos de calquera maneira e que o Tribunal de contas non vale para nada, e molestalle que traia esto así, e me esté negando a información coma da outra vez, pero que xa verá como nos próximos días vai a ter que darme a información que lle pida queira ou non queira.

O señor alcalde manifesta que os presupostos son proxectos susceptibles de cambio para axustarse ás circunstancias.

Ahora interven a concelleira do BNG preguntando de onde sacamos a partida para saldar a débeda?, o señor alcalde respondelle que se está amortizando o prestamo cada ano.

O señor alcalde quere que conste en acta que todos os concelleiros tedes acceso a información do expediente pero no concello.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE decindo que esa función é da Secretaria e que llo vai a demostrar dentro duns días.

Ahora a dona Pilar Garcia (BNG) solicita que se lle faga caso á oposición nas obras.

Sometese a votación e votan:

-A favor: 8 PP

-Absteñense: 2 PSdeG-PSOE (non interpretan que sexan uns presupostos) e 1 BNG.

Unha vez sometido a votación aprobase a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 14:00 H do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,